

# verán

## 2018



**actividades**

**Cultura** 🚤 **Educación familiar**

**Deporte** 🚤 **Centro Social**

# Cultura

## CAMPAMENTO URBANO

Do 9 ao 20 de xullo celebrarase no Concello de Outes o XXII Campamento Urbano.

As idades dos/as participantes están comprendidas entre os 3 (escolarizados/as) e os 16 anos, e o campamento base será no CEIP de Outes.

O prazo de inscrición será do 18 de xuño ao 3 de xullo e farase na Casa da Cultura de Outes.

## CAMPO DE TRABALLO INTERNACIONAL "HORTA DO MUÍÑO"

Actividade que se vai desenvolver entre o 17 e o 28 de xullo de 2018 na que participará mocidade doutras comunidades autónomas, de Galicia e doutros países. Este campo de traballo estará dirixido a maiores de 18 anos de idade. Faranse traballos de limpeza de sendeiros. Recuperación da visibilidade dos petroglifos de Fontemoreira (O Freixo). Acompañamento a maiores dependentes e/ou enfermos de alzheimer. Primeira toma de contacto cun horto ecolóxico interxeracional. Facer que a cidadanía recupere o pracer dos sabores tradicionais de proximidade.

## ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN

Do 1 ao 31 de agosto, en horario de mañá, faranse diferentes actividades lúdicas e de animación polas parroquias do Concello nas que xogaremos e nos divertiremos todos/as xuntos/as.

A finais de xuño colocaremos carteis coa programación detallada. Máis información e inscricións na Casa da Cultura de Outes ou no teléfono 981850950.

## OFICINA DE INFORMACIÓN XUVENIL- OMIX

- Servizo de información e orientación á mocidade outense.
- Realización do carné xove.
- Asesoramento e orientación escolar de bolsas para residencia nos Centros Residenciais Docentes de A Coruña, Vigo e Ourense.
- Becas do Ministerio: a partires de mediados do mes de agosto (prazo orientativo).
- Inscricións nos ciclos formativos de grao medio e superior: dende mediados de xuño.
- Ao longo do mes de novembro ábrese o prazo para solicitar as axudas de transporte para estudos non obrigatorios. Estudantado do Concello que realiza estudos fóra. Universidade e ciclos formativos.

## EXPOSICIÓNS CASA DA CULTURA

- Do 12 ao 26 de xuño. XI Certame de artesanía Antonio Fraguas Fraguas. Exposición de traballos. Deputación da Coruña.
- Do 1 ao 30 de xullo. Exposición de pintura do alumnado Taller de pintura do Concello de Outes.
- Do 1 ao 31 de agosto. Exposición de fotografía: "Buscando a beleza no cotiá" - Tony Garzya.

## FESTA FIN DE CURSO COAS FAMILIAS

O día 23 de xuño vaise celebrar unha festa para os rapaces na Horta do Muiño. Haberá xogos, actuación musicais, malabares, etc.

## FESTIVAL FOLCLORICO

O 21 de xullo ás 21:00 h na Horta do muiño celebrarase un festival folclórico ca participación dos grupo folclóricos do Concello así como de vario grupos da comarcal.

## CONCERTOS DO SANTIAGUÍÑO

- O 20 de xullo na Horta do Muiño actuará **CRISTINA PATO ca colaboración de membros da Escola de Música Tradicional do Concello.**
- O 21 de xullo celebrarase un concerto a cargo de **LEILIA** na Horta do Muiño.
- O 24 de xullo **LUAR NA LUBRE** actuará na Praza do Bosque.

## XOGOS NA RÚA

Xogos populares nas festas patronais de cada parroquia. As comisións de festas que estean interesadas nesta actividade deberán solicitala poñéndose en contacto coa animadora sociocultural na Casa da Cultura.

ROO .....	San Xoán
OUTES .....	San Pedro
FREIXO .....	San Benito
SAN LOURENZO .....	San Lourenzo
ENTÍNS .....	Sta. María
SAN ORENTE .....	O Carme
CANDO .....	Nª Sª do Carme
SAN COSME .....	S. Cosme
VALADARES .....	S. Miguel

## FESTA DOS INCHABLES

O sábado 25 de agosto, na praia de Broña, faremos unha festa infantil fin de verán con inchables. Horario: de 10:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 19:00 horas.

Este mesmo día haberá unha sesión de contacontos a cargo de Anxo Moure de Contos Solidarios.

## FESTAS DE SANTIAGUIÑO, SAN CRISTOVO E A MILAGROSA

Os días 22, 24 e 25 de xullo celebraremos as tradicionais festas de Santiaguíño, Milagrosa e San Cristovo.

## AMAÑECER MUSICAL EN BROÑA

O 28 de xullo vai a ser o Amanecer musical en Broña con actuacións de varios grupos ata o amencer.

# Educación familiar

O Concello de Outes pon en marcha as actividades para o verán 2018, dentro do programa de redución do abandono escolar, dirixidas a rapaces e rapazas de educación primaria, ESO e tamén a maiores de 18 anos que desexen volver a incorporarse ao sistema educativo.

**ESCOLA DE VERÁN:** Reforzo escolar para alumnos/as de educación primaria e ESO.

**APRENDIZAXE POR PROXECTOS:** Traballar mediante un proxecto tódalas competencias básicas fomentando hábitos de traballo eficientes: subliñado, facer esquemas, resumos, organización do estudo, etc. Esta actividade vai ser un día a semana para alumnos que cursaron 5º e 6º de primaria.

**AULA DE ADULTOS:** competencias clave e/ou clases preparatorias ESA.

As actividades levaranse a cabo dende o 16 de xullo ata o 31 de agosto. As persoas interesadas poderán anotarse nas dependencias do Concello (educadora familiar) ou na Casa da Cultura (Carmela) dende o 15 ao 30 de xuño.

# Centro Social

## ACTIVIDADES

### **CAMIÑADAS SAUDABLES PARA OS NOSOS MAIORES**

Datas: do 15 de xuño ao 15 de setembro.

Horario: de luns a venres de 8:30 a 9:30 h (agás si coincide festivo ou chove).

### **MÚSICA E MOVEMENTO NO CENTRO SOCIAL DE OUTES**

Datas: Do 15 de xuño ao 15 de setembro.

Horario: Martes e xoves de 10:00 a 11:00 h.

Prezo: 20 €.

### **MÚSICA E MOVEMENTO NO CENTRO SOCIAL DE CANDO**

Datas: Do 15 de xuño ao 15 de setembro.

Horario: Venres de 10:30 a 11:30 h.

Prezo: 10 €.

### **TALLER DE MEMORIA PARA MAIORES DE 60**

Datas: do 4 de xullo ao 29 de agosto.

Horario: Mércores de 10:00 a 11:30 h.

### **TALLER PRÁCTICO: USO DO MÓVIL PARA MAIORES**

Datas: 6, 13 e 20 de xullo.

Horario: 10:30 a 12:30 h.

### **CURSO DE ELABORACIÓN DE CONSERVAS CASEIRAS**

Data: 29 de agosto.

Horario: a partir das 16:00 h.

Lugar: Centro Social.

Imparte: Carme Freire (Enxeñeira agrícola).

### **PROGRAMA UNIVERSITARIO DE MAIORES DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Dende a Universidade de Santiago vaise levar a cabo un programa formativo gratuíto para maiores de 50 anos que abrangue 3 SEMINARIOS:

- HISTORIA DA CULTURA DE GALICIA
- MUNDO ARTÍSTICO
- CAMBIO CLIMÁTICO, OU O QUE PODEMOS PERDER

Cada un dos seminarios terá unha parte teórica de 90 min. e unha parte práctica.

Inscripcións: no Centro Social a partir do 1 de setembro.

Celebración das clases teóricas: Mes de outubro na Casa da Cultura.

## EXCURSIONS

### SAN ANDRÉS DE TEIXIDO

Data: 16 de xuño (apuntarse a partir do 25 de maio)

Prezo do autobús: 10 €.

Hora de saída: 8:00 h

### COSTA DA MORTE

Data: 7 de xullo (apuntarse a partir do 10 de xuño)

Prezo do autobús: 8 €

Hora de saída: 8:00 h

### FESTA DO ALBARIÑO

Data: 4 de agosto (apuntarse a partir do 10 de xullo)

Prezo do autobús: 7 €

Hora de saída: 9:00 h

### A GARDA, TUI, ...

Data: 8 de setembro (apuntarse a partir do 10 de agosto)

Prezo do autobús: 9 €

Hora de saída: 8:30 h

### FESTA DO MARISCO

Data: 6 de outubro (apuntarse a partir do 10 de setembro)

Prezo do autobús: 7 €

Hora de saída: 9:00 h

## CONVIVENCIA ACTIVA

En colaboración con ADISBISMUR. Saídas dun día de duración pola comarca en coches adaptados co obxectivo de favorecer as relacións interpersoais e coñecer lugares de interese.

- **26 de xuño:** Boiro e arredores
- **3 de xullo:** Visita guiada a Parque Zoolóxico de Marcelle.
- **12 de xullo:** Churrascada no paseo do Río Tines (Outes).

*(Estas datas poden variar en función da climatoloxía).*

## TALLERES E CURSOS NO OUTONO

A partir do 1 de setembro abriremos o prazo para se anotar nos talleres e cursos que darán comezo na semana do 2 de outubro: MÚSICA e MOVEMENTO, PATCHWORK- CALCETA -GANCHILLO, XIMNASIA TERAPÉUTICA, COIRO, CESTERÍA, VAINICAS, MUSICOTERAPIA, BAILOTERAPIA E EXPRESIÓN MÚSICO-CORPORAL.

**ADEMAIS, COMO SE VÉN REALIZANDO O RESTO DO ANO, TODOS OS DOMINGOS BAILE E XOGOS DE MESA.**

# Deportes

## ESCOLAS DEPORTIVAS\*

### CAMPUS DE FÚTBOL (en colaboración co Outes F.C)

- Lugar: campo Municipal do Conchido
- Idade: nados no 2012 e anteriores
- Días: do 2 o 13 de xullo
- Prezo: 50€ (Regalo de equipación)
- Prazas limitadas
- Follas de inscrición e máis información nas oficinas do Outes F.C

### TENIS DE MESA

- Lugar: Pavillón da Serra
- Idade: a partir dos 6 anos
- Días: Luns e venres. Comezo o 2 de xullo
- Horario: de 12:00 a 14:00 h segundo grupos
- Prezo: 6€/mes

### TENIS

- Lugar: Pavillón da Serra
- Idade: a partir dos 6 anos
- Días: Luns e venres. Comezo o 2 de xullo
- Horario: Adultos de 10:00 a 11:00 h e nenos de 11:00 a 12:00 h.
- Prezo: 6€/mes

### BÁDMINTON

- Lugar: Pavillón da Serra
- Idade: a partir dos 6 anos
- Días: Luns e venres. Comezo o 2 de xullo
- Horario: de 12:00 a 14:00 h segundo grupos
- Prezo: 6€/mes

### ATLETISMO / MULTIDEPORTE (actividade conxunta)

- Lugar: Pavillón da Serra
- Idade: a partir dos 6 anos
- Días: Martes e xoves. Comezo o 3 de xullo
- Horario: de 10:30 h a 12:00 h segundo grupos
- Prezo: 6€/mes

### FÚTBOL SALA / XOGOS (actividade conxunta)

- Lugar: Pavillón da Serra
- Idade: a partir dos 5 anos
- Días: Mércores. Comezo o 4 de xullo
- Horario: de 10:30 a 12:00 h segundo grupos
- Prezo: 6€/mes

## PIRAGÜISMO

- Lugar: Clube de piragüismo TAXAMAR en Pontenafonos
- Idade: A partir dos 5 anos
- Días: de luns a sábado
- Horario: pola mañán, en grupos
- Prezo: 6€/ mes + licencia federativa

## VELA E WINDSURF

- Lugar: centro náutico FRANCISCO RAMA VÁZQUEZ "FUFÚ" (O Freixo)
- Cursos de vela: iniciación e perfeccionamento
- Aluguer de embarcacións
- Horarios: de martes a sábado, de 10:00 a 14:00 h e de 16:00 a 20:00 h

## CAMPIONATOS DE VERÁN\*

### BÁDMINTON

- Mes de agosto (datas e horarios segundo inscricións)
- Data límite de inscricións: 31 de xullo
- Lugar: pavillóns da Serra e do Cruceiro
- Idade: sen límite de idade (por categorías)

### FÚTBOL SALA

- Mes de agosto (datas e horarios segundo inscricións)
- Data límite de inscricións: 31 de xullo
- Lugar: pavillóns da Serra e do Cruceiro e pistas polideportivas das parroquias
- Idade: sen límite de idade (por categorías)

### TENIS DE MESA

- Mes de agosto (datas e horarios segundo inscricións)
- Data límite de inscricións: 31 de xullo
- Lugar: pavillóns da Serra
- Idade: sen límite de idade (por categorías)

### TENIS

- Mes de agosto (datas e horarios segundo inscricións)
- Data límite de inscricións: 31 de xullo
- Lugar: pavillóns da Serra e do Cruceiro e pistas polideportivas das parroquias
- Idade: sen límite de idade (por categorías)

### BALONCESTO

- Mes de agosto (datas e horarios segundo inscricións)
- Data límite de inscricións: 31 de xullo
- Lugar: pavillóns da Serra e do Cruceiro
- Idade: sen límite de idade (por categorías)



## TROFEO "CONCELLO DE OUTES" DE FÚTBOL

- Mes de agosto
- Diversas categorías
- Datás a determinar

## TROFEO "CONCELLO DE OUTES" DE BALOCESTO

- Mes de agosto
- Diversas categorías
- Datás a determinar

*\*As inscricións para as escolas deportivas e os campionatos de verán realizaranse no pavillón de Outes dentro do horario de actividades ou na Casa da Cultura de Outes. Os campionatos son gratuítos e para se anotar é preciso facilitar a idade e o número de teléfono para avisar do seu comezo.*

## PARA MÁIS INFORMACIÓN:

- **Páxina web do Concello:** [www.outes.gal](http://www.outes.gal)
- **Oficinas municipais:** ☎981 850 003 / 981 842 400
- **Casa da Cultura:** ☎981 850 950 / 981 842 406
- **Centro Social:** ☎981 850 575
- **Pavillón Polideportivo da Serra:** ☎981 850 748
- **Centro náutico do Freixo:** ☎616 324 098



Concello de Outes